

A POSICIÓN DE GALIZA RESPECTO DA CONTABILIDADE DO ESTADO ESPAÑOL



Gabinete Técnico Confederado

CONTABILIDADE REXIONAL.

1.- Galiza na UE-25.

O 29 de decembro de 2005, o Instituto Nacional de Estatística (INE) fixo pública a “*Contabilidad Regional de España 2000*”, (CRE-2000) no marco da nova base 2000 da Contabilidade Nacional de España (CNE 2000).

Ata o de agora, utilizábase como base o ano 1995, polo que se producen cambios substanciais con respecto ás series anteriores. As diferenzas fundamentais coa CNE-1995 débense tanto a cambios conceptuais como estatísticos, na elaboración das contas.

Dentro dos cambios conceptuais destaca o relativo aos servizos de intermediación financeira medidos indirectamente (SIFMI). Ata o de agora contabilizábanse á parte, e agora asígnanse aos sectores/ramas de actividade correspondentes. Tamén se introduce un novo método de estimacións en termos de volume, mediante o que as estimacións a prezos constantes de base fixa utilizados ata o de agora se reemprazan por estimacións a prezos do ano precedente e encadeadas.

No que atinxe aos cambios estatísticos, é de salientar a utilización das estimacións de poboación dos censos de 2001 e unha utilización dos datos do Padrón continuo, entre os máis sobranceiros.

O conxunto de cambios que incorpora a CRE-2000 determinou a revisión do nivel de PIB e poboación das distintas comunidades autónomas, e polo tanto o PIB per cápita.

Na media do Estado español a revisión do PIB foi á alza nun 3,2% e a poboación nun 0,8%, polo que o PIB per cápita medrou nun 2,4%. No caso de Galiza a revisión foi á baixa: PIB -0,6% e poboación -0,8%, polo que o PIB per cápita medrou un 0,2% pola perda de poboación.

As comunidades que sufriron unha maior revisión á alza do PIB foron Illas Baleares e Navarra, cun incremento do 5,7%; Madrid, do 5,5%; e Catalunya, do 5,2%. Á baixa, soamente Galiza e Extremadura, ambas cun -0,6%.

Xunto aos cambios metodolóxicos que introduce a contabilidade, tamén hai novidades con respecto á Unión Europea, xa que se inclúen por primeira vez os 10 novos membros, polo que, á marxe das variacións económicas que se produciran, o efecto ampliación tamén ten repercusión na posición que cada comunidade ocupe con respecto á Unión Europea.

Prexudica especialmente ás comunidades máis pobres, como a galega, xa que a maioría dos novos socios son de renda baixa, polo que non só tiran da media cara abaixo, senón que tamén son receptores dos fondos procedentes da Unión Europea.

Só un dato para ilustrarmos a afirmación anterior: no ano 2002 o PIB a prezos de mercado da Unión Europea dos 15 era de 9.178.645 millóns de euros; cos 10 novos membros acada os 9.625.031 millóns, non chega aos 450.000 millóns máis (un 4,8%). En cambio a poboación medra un 16,9%, en máis de 64 millóns de habitantes. Evidentemente isto produce un forte descenso no PIB per cápita do promedio comunitario.

Cos novos socios, é dicir, na Europa dos 25, a posición de cada comunidade autónoma do Estado español é a que segue:

Índices de PIB per cápita en paridade de poder adquisitivo UE=100 , serie 2000-2004.

	2000	2001	2002	2003	2004
UE – 25	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Media EE	92,7	93,4	95,8	98,0	98,3
Andalucía	68,3	69,1	71,7	74,6	75,7
Aragón	96,9	97,4	101,8	104,7	105,1
Asturias	77,5	78,7	81,3	83,6	85,3
Baleares	114,2	113,5	113,6	112,3	110,9
Canarias	87,9	88,2	90,1	91,6	90,7
Cantabria	86,7	88,8	92,7	94,9	96,5
Castela-León	83,9	84,6	88,0	90,8	92,1
Castela a Mancha	72,9	72,9	75,0	76,6	76,7
Catalunya	113,0	113,9	116,2	118,3	117,8
Valencia	89,4	90,1	91,5	92,4	91,5
Estremadura	59,0	59,4	61,8	64,2	65,2
Galiza	72,0	72,3	74,8	77,1	78,5
Madrid	126,0	126,3	128,0	129,7	129,0
Murcia	77,8	78,3	80,8	82,8	82,4
Navarra	118,0	118,0	121,3	123,9	124,6
País Vasco	113,6	114,6	118,0	121,5	122,9
A Rioxa	105,6	104,4	105,3	108,0	106,8

Fonte: INE. *Contabilidad Regional de España. Serie 2000-2004.*

Este novo escenario comunitario estivo acompañado da ralentización, ou nalgún casos estancamento, no ritmo de crecemento do PIB nos principais países da Unión Europea (especialmente Francia e Alemaña), feito que non aconteceu no Estado español, o que levou a que nestes anos se producise un acercamento das economías do Estado español á media europea.

No período analizado na táboa anterior, o Estado español mellorou en 5,6 puntos porcentuais a súa posición con respecto á media comunitaria, quedando apenas a 1,7 punto desta.

Como se pode ver no cadro, hai 7 comunidades autónomas que no ano 2004 alcanzaron un PIB per cápita medida en termos de paridade de poder adquisitivo superior á media da Unión Europea. Encabeza a dita lista Madrid, cun PIB per cápita un 29% superior á media da UE, e péchaa Estremadura, preto dun 35% por debaixo da media.

Con respecto ao ano 2000, incorporouse Aragón a este grupo de ricos; os outros seis xa estaban por riba da media.

Cantabria e Castela-León foron as comunidades que máis medraron con respecto ao ano 2000; e as que menos, Baleares, que descendeu 3,3 puntos e mais a Rioxa, que apenas o aumentou 1,2 puntos con respecto ao ano 2000.

No que atinxe a Galiza, mellorou 6,5 puntos no período analizado; desde un 72% no ano 2000 a un 78,5 en 2004, situándose na décimo cuarta posición, un posto por riba que en 2000, ano en que ocupaba a posición décimoquinta; en calquera caso, o noso país segue a manterse na cola.

Desde 2003 o PIB per cápita de Galiza excede do 75% de media da UE, polo que deixaría de ser rexión Obxectivo 1; pero no acordo sobre as Perspectivas Financeiras da UE para o período 2007-2013 acordouse que as rexións europeas que van ser Obxectivo 1 para ese período se determinasen sobre a base dos datos transmitidos a EUROSTAT o pasado mes de abril referentes á media do período 2000 -2002, calculados segundo a antiga CRE-1995, e que figuran na seguinte táboa.

Perspectivas financeiras da UE 2007-2013.

CCAA Obxectivo 1 no período 2000-2006	Índice PIB per cápita 2000-2002 UE25=100 CRE-1995	Situación no período 2007-2013.
Andalucía	69,3	Obxectivo 1
Asturias	79,3	Sae por efecto estatístico
Canarias	87,8	Sae por efecto natural
Castela-León	85,8	Sae por efecto natural
Castela a Mancha	74,7	Obxectivo 1
Valencia	89,0	Sae por efecto natural
Estremadura	59,9	Obxectivo 1
Galiza	73,4	Obxectivo 1
Murcia	79,4	Sae por efecto estatístico
Ceuta	79,6	Sae por efecto estatístico
Melilla	79,7	Sae por efecto estatístico

Fonte: INE. *Contabilidad Regional de España 2000-2004*

Con esta base, Galiza mantense como Obxectivo 1, xunto con Andalucía, Castela a Mancha e Estremadura. Tres comunidades saen por efecto natural, é dicir, pola mellora da súa propia situación económica; e catro; Asturias, Murcia, Ceuta e Melilla por efecto estatístico.

2.- Galiza no Estado español.

Centrándonos no espazo do Estado español, Galiza foi das comunidades que menos incrementou o seu PIB no período analizado; mentres que de media no Estado, o PIB real se incrementou un 12,9%, en Galiza este incremento foi só dun 10,6%, soamente por riba de Baleares, que tivo un medre do 7,7%.

No devandito período, Galiza só no ano 2004 medrou por riba da media estatal. 2004 foi Ano Xacobeo e, como vén sendo habitual, este feito afecta positivamente ao noso país. Nos últimos anos, unicamente nos anos xacobeos o noso crecemento económico foi superior á media do Estado.

Mais un ano só non serve para converxer, polo que Galiza perde peso no Estado español.

Achegamos a continuación a participación de Galiza no PIB estatal destes últimos 5 anos, así como o valor do PIB per cápita no primeiro e último ano da serie, para vermos como evoluiu.

Achega ao PIB e PIB per cápita por comunidades:

	Achega ao PIB					PIB per cápita	
	2000	2001	2002	2003	2004	2000	2004
Media EE	100	100	100	100	100	15.653	19.637
Andalucía	13,3	13,3	13,4	13,6	13,7	11.538	15.140
Aragón	3,1	3,1	3,1	3,1	3,1	16.365	21.006
Asturias	2,2	2,2	2,2	2,2	2,2	13.081	17.029
Baleares	2,6	2,6	2,5	2,5	2,5	19.282	22.137
Canarias	4,0	4,1	4,1	4,1	4,1	14.845	18.130
Cantabria	1,2	1,2	1,3	1,2	1,3	14.634	19.280
Castela-León	5,5	5,5	5,5	5,4	5,4	14.164	18.401
Castela a Mancha	3,4	3,4	3,4	3,4	3,4	12.307	15.321
Catalunya	18,9	18,9	18,8	18,8	18,8	19.072	23.542
Valencia	9,7	9,8	9,8	9,7	9,7	15.102	18.279
Extremadura	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	9.965	13.012
Galiza	5,2	5,1	5,1	5,1	5,1	12.163	15.660
Madrid	17,6	17,8	17,8	17,8	17,7	21.281	25.742
Murcia	2,4	2,4	2,5	2,5	2,5	13.132	16.469
Navarra	1,7	1,7	1,7	1,7	1,7	19.927	24.857
País Vasco	6,3	6,3	6,2	6,2	6,1	19.182	24.547
A Rioxa	0,8	0,8	0,7	0,7	0,7	17.826	21.345

Fonte: INE. *Contabilidad Regional de España 2000-2004*

Nestes últimos 5 anos non se produciron variacións significativas do peso que cada comunidade ten sobre o total nacional, e na maioría dos casos non se deron variacións ou estas foron dunha décima arriba ou abaixo, coa salvidade de Andalucía, onde medrou catro décimas en cinco anos, sobre o promedio estatal.

No caso de Galiza descendeu, unha décima pero descendeu (no 2000 representaba o 5,2% da media estatal e en 2004 descendeu a un 5,1%), coa agravante de que Galiza era unha rexión Obxectivo 1, o que a converte en receptora de importantes fondos procedentes da Unión Europea. Se observamos no cadro anterior, das poucas comunidades que perderon peso relativo no promedio estatal, dúas eran Obxectivo 1: Galiza e Castela-León.

Se, como todo parece indicar, Galiza se mantén como Obxectivo 1, cumpriría modificar as políticas investidoras, cara a investimentos máis perdurábeis, que modificasen a estrutura e permitisen un crecemento máis sostíbel e perdurábel no tempo.

No que atinxe ao PIB per cápita, a incidencia do efecto poboacional é notoria, xa que, a pesar de medrar menos que a media, ao perder poboación, o crecemento en termos por habitante é superior á media estatal. De promedio no Estado español, o PIB por habitante medrou un 25,5%, mentres que en Galiza este incremento foi dun 28,8%. O noso país foi a sexta comunidade do Estado onde máis medrou, mentres -recordemos- foi na segunda onde menos se incrementou o PIB. Isto é o que se coñece como *converxencia pasiva*.

No ano 2002 o PIB per cápita en Galiza era de 12.163 € e en 2004 acadou os 15.660 €. Esta leve mellora permitiulle mellorar unha posición no ranking; no 2000 era a terceira comunidade con menor renda per cápita, só por diante de Estremadura e Andalucía; no 2004 sitúase de cuarta pola cola ao adiantar a Castela-A Mancha.

A comunidade con máis renda por habitante segue sendo Madrid (un 31% por riba da media), seguida de Navarra; a terceira posición dos máis ricos, que no ano 2000 a ocupaba Baleares, 5 anos despois é Catalunya a que ocupa o dito lugar.

Estremadura, con 13.012 € por habitante -un 33,7% por debaixo da media-, segue a ser a comunidade con menos nivel de renda da súa poboación.

3.- O PIB galego.

Esta nova contabilidade permítenos coñecer e evolución sectorial do PIB ou, o que é o mesmo, o PIB desde o lado da oferta.

Está desagregado por ramas de actividade ata o ano 2003, e para o 2004 o único que chega son os datos sectoriais. Comezamos polos sectoriais, para a continuación pasar a unha desagregación maior.

PIB prezos de mercado. Millóns de euros.

	2000		2004		variación
	Valor	%&	Valor	%	
S. primario	2.029	6,2	2.078	4,9	2,4
Enerxía	1.446	4,4	1.554	3,7	7,4
Industria	5.116	15,6	5.963	14,1	16,5
Construción	3.047	9,3	4.659	11,0	52,9
Servizos	17.965	54,9	23.870	56,3	32,8
Total	32.703 ¹	100	42.378	100	29,5

Fonte: INE. *Contabilidade Regional de España 2000-2004*

Comentabamos anteriormente que apenas variou a achega ao PIB estatal nestes anos analizados; en cambio, si se produciron transformacións importantes na estrutura sectorial.

Así, entre 2000 e 2004, tanto o sector primario como o industrial reduciron o seu peso no total, mentres que os servizos e sobre todo a construción viron incrementada a súa participación.

O sector primario soamente representa un 4,9% do PIB galego no 2004, perdendo 1,3 puntos en apenas catro anos. A desteita deste sector parece non ter fin.

Dentro do sector secundario, tanto enerxía como industria, perderon peso no total do PIB, especialmente o sector industrial, que reduciu a súa participación en 1,5 puntos porcentuais.

O auxe experimentado pola construción nos últimos anos ten un claro reflexo nas contas nacionais. De achegar o 9,3% o PIB galego no 2000, pasou a un 11% en 2004, 1,7 puntos máis.

Tamén é de salientar a evolución positiva do sector dos servizos. Despois do incremento de 1,4 puntos neste último período, representa o 56,3% do PIB total.

A pesar de que o grao de terceirización da economía galega se incrementou nestes últimos anos, aínda se sitúa varios puntos por debaixo da media estatal. Por outra parte, os cambios producidos non impediron que Galiza siga ostentando unha contribución do sector primario ao PIB moi superior á media estatal, algo que tamén sucede co sector da construción (1,3 puntos por riba).

Dunha forma máis desagregada, por ramas de actividade ata 2003, amosámolo a continuación:

¹ Faltan os impostor netos sobre os produtos, que representan en torno ao 9,5% do total.

PIB por ramas de actividade.

	2000		2003		Variación
Agricultura, gandería e pesca	2.029.239	6,2	2.010.071	5,1	-0,9
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	1.347.528	4,1	1.322.762	3,3	-1,8
Pesca	681.711	2,1	687.309	1,7	0,8
Enerxía	1.446.493	4,4	1.563.092	4,0	8,1
Extracción de produtos enerxéticos;	401.489	1,2	392.941	1,0	-2,1
Enerxía eléctrica, gas e auga	1.045.004	3,2	1.170.151	3,0	12,0
Industria	5.116.725	15,6	5.772.658	14,6	12,8
Industria de alimentación, bebidas e tabaco	821.615	2,5	936.555	2,4	14,0
Industria téxtil e da confección	451.621	1,4	460.568	1,2	2,0
Industria da madeira e a cortiza	320.997	1,0	331.884	0,8	3,4
Industria do papel, edición e artes gráficas	349.421	1,1	347.708	0,9	-0,5
Industria química	192.124	0,6	254.926	0,6	32,7
Industria do caucho e materias plásticas	153.568	0,5	177.866	0,5	15,8
Outros produtos minerais non metálicos	379.140	1,2	440.152	1,1	16,1
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	738.189	2,3	880.733	2,2	19,3
Maquinaria e equipo mecánico	191.885	0,6	237.973	0,6	24,0
Equipo eléctrico, electrónico e óptico	212.019	0,6	201.798	0,5	-4,8
Fabricación de material de transporte	1.152.489	3,5	1.312.336	3,3	13,9
Industrias manufactureiras diversas	153.657	0,5	190.159	0,5	23,8
Construción	3.047.194	9,3	4.186.925	10,6	37,4
Servizos	17.965.613	54,9	22.120.120	56,0	23,1
Comercio e reparación	3.057.164	9,3	3.528.134	8,9	15,4
Hostalaría	1.719.849	5,3	2.084.440	5,3	21,2
Transporte e comunicacións	1.715.644	5,2	2.117.233	5,4	23,4
Intermediación financeira	1.207.527	3,7	1.441.439	3,6	19,4
Inmobiliarios e servizos empresariais	3.642.085	11,1	4.907.174	12,4	34,7
Administración pública	1.820.517	5,6	2.221.200	5,6	22,0
Educación	1.783.935	5,5	2.093.444	5,3	17,3
Actividades sanitarias e veterinarias; servizos sociais	1.646.448	5,0	2.063.045	5,2	25,3
Outros servizos e actividades sociais; servizos persoais	1.017.118	3,1	1.279.734	3,2	25,8
Fogares que empregan persoal doméstico	355.326	1,1	384.277	1,0	8,1
Impostos netos sobre os produtos	3.097.874	9,5	3.838.822	9,7	23,9
PIB A PREZOS DE MERCADO	32.703.138	100,0	39.491.688	100,0	20,8

Fonte: INE. *Contabilidad Regional de España 2000-2004*. En milleiros de euros.

O forte auxe que viviu a construción nos últimos anos en Galiza (medrou un 37,4% en tres anos) e as ramas a ela asociadas (caso das inmobiliarias, que medraron un 34,7%) fai que o resto das ramas de actividade, con aumentos máis moderados, perdan peso relativo no PIB galego.

Parece evidente que a construción, xunto a servizos, foi o principal motor económico da economía galega no período analizado, xa que tanto o devandito sector como as ramas directamente a el asociadas mostraron uns crecementos espectaculares. O problema estriba en que nestes últimos anos foi maioritariamente obra residencial o que tirou da construción, polo que o valor engadido que xera é inferior a se fosen infraestruturas doutro tipo, que serven de polo da atracción para outras actividades.

Tendo en conta esta “anomalía”, o PIB aumentou un 20,8%, a prezos correntes, nestes tres últimos anos. A evolución das diferentes ramas de actividade foi como segue:

No que atinxe ao sector primario, descende o valor da produción nos tres anos analizados. O comportamento é preocupante tanto na pesca como na agricultura, pero resulta especialmente grave nesta última, onde en só nos últimos tres anos descendeu o valor da produción un 1,8%.

No subsector pesqueiro, o PIB practicamente se mantén no mesmo valor que no ano 2000, xa que cun incremento dun 0,8% -cando no mesmo período o PIB galego medrou un 20,8%- non se pode falar de mellora.

Estase desfazendo un sector básico da nosa economía, sen que o resto dos sectores, sobre todo da mesma zona, sexan capaces de absorber a man de obra expulsada deste, e sen que os poderes públicos leven a cabo ningunha política compensatoria. Cae o prezo do leite, prímanse as xubilacións anticipadas no agro, prímanse o desguazamento de barcos... A desfeita do sector primario parece non ter fin en Galiza, coa agravante de que isto vai unido á total desvertebración do país, xa que zonas enteiras da nosa comunidade se ven abocadas á emigración, o despoboamento, o avellentamento da poboación...

A evolución do sector enerxético foi desigual nas dúas ramas que o compoñen. A extracción de produtos enerxéticos descendeu un 2,1%, mentres que a produción de enerxía eléctrica aumentou un 12%; en conxunto, o sector enerxético pasou a representar un 4% do PIB fronte ao 4,4% no ano 2000.

No que atinxe ao sector industrial, en conxunto medrou menos que a media (un 12,8% fronte ao 20,8% do PIB galego). Dentro do devandito sector conviven realidades moi diversas: o subsector que tivo un mellor comportamento foi o químico, que tivo un incremento da produción dun 32,7%; e tamén a produción de maquinaria e equipos mecánicos presenta un bo comportamento, no 2003 produciu un 24% máis que no 2000. No lado oposto está a fabricación de material eléctrico, en que descendeu un 4,8% a súa produción. Tamén a industria do papel descendeu, neste caso un 0,5%.

A fabricación de material de transporte, a máis importante en valor dentro do sector industrial, incrementouse un 13,9%, menos que a media en Galiza, pero máis que a media do sector. E xera o 3,3% do PIB galego.

Non podemos esquecer o sector téxtil polo momento convulso que está atravesando. Neste caso o seu valor practicamente se mantén neste período; soamente medra un 2%.

Polo que respecta ao sector servizos, todas as actividades que o conforman tiveron un comportamento positivo no período analizado, a maioría con incrementos superiores á media galega. Destaca, como comentamos anteriormente, o forte incremento da actividade das inmobiliarias, cuxo PIB medrou un 34,7% nestes tres anos.

Tamén é de salientar o aumento en actividades sanitarias e de servizos sociais, ambas por riba do 25%.

A CRE-2000 non só achega o valor do PIB polo lado da oferta, é dicir, o que se produce nas distintas actividades produtivas de Galiza, senón tamén polo lado da renda, isto é, como se distribúen as rendas que xera esa produción entre os distintos axentes económicos e sociais que participan na mesma.

Evidentemente non só se debe ter en conta a participación bruta destes, senón tamén o número de axentes que participan no proceso produtivo. Non é o mesmo repartir o 50% do pastel entre 100 que entre 200 comensais, polo que tampouco non é o mesmo repartir o 50% do PIB entre 600 que entre 650 asalariados.

A táboa que fornecemos a seguir reflicte, xunto ao PIB que xera cada rama de actividade, a parte deste que perciben os asalariados vía renda, o que nos permite calcular a súa participación no total o PIB, e en cada unha dos subsectores que o integran.

Relación PIB/ remuneración de asalariados

	2000			2003		
	PIB	RA ²	RA/ PIB	PIB	RA	RA/ PIB
	32.703.138	15.875.654	48,5	39.491.688	18.984.912	48,1
Agricultura, ganadería e pesca	2.029.239	626.957	30,9	2.010.071	653.760	32,5
Agricultura, ganadería, caza e silvicultura	1.347.528	248.062	18,4	1.322.762	291.380	22,0
Pesca	681.711	378.895	55,6	687.309	362.380	52,7
Enerxía	1.446.493	321.306	22,2	1.563.092	378.717	24,2
Extracción de produtos enerxéticos	451.621	244.986	54,2	460.568	260.975	56,7
Enerxía eléctrica, gas e auga	1.045.004	209.732	20,1	1.170.151	234.294	20,0
Industria	5.116.725	3.241.102	63,3	5.772.658	3.676.632	63,7
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	821.615	488.281	59,4	936.555	544.463	58,1
Industria téxtil e da confección	451.621	244.986	54,2	460.568	260.975	56,7
Industria da madeira e a cortiza	320.997	192.461	60,0	331.884	209.607	63,2
Industria do papel, edición e artes gráficas	349.421	172.244	49,3	347.708	201.177	57,9
Industria química	192.124	126.396	65,8	254.926	139.706	54,8
Industria del caucho e materias plásticas	153.568	89.170	58,1	177.866	101.364	57,0
Outros produtos minerais non metálicos	379.140	277.723	73,3	440.152	306.301	69,6
Metalurxia e fabricación de produtos metálicos	738.189	474.793	64,3	880.733	591.896	67,2
Maquinaria e equipo mecánico	191.885	121.229	63,2	237.973	149.921	63,0
Equipo eléctrico, electrónico e óptico	212.019	112.589	53,1	201.798	96.492	47,8
Fabricación de material de transporte	1.152.489	843.371	73,2	1.312.336	952.593	72,6
Industrias manufactureiras diversas	153.657	97.859	63,7	190.159	122.137	64,2
Construción	3.047.194	1.668.160	54,7	4.186.925	2.332.541	55,7
Servizos	17.965.613	10.018.129	55,8	22.120.120	11.943.262	54,0
Comercio e reparación	3.057.164	1.653.218	54,1	3.528.134	1.899.574	53,8
Hostalaría	1.719.849	817.003	47,5	2.084.440	1.003.522	48,1
Transporte e comunicacións	1.715.644	738.322	43,0	2.117.233	925.097	43,7
Intermediación financeira	1.207.527	690.374	57,2	1.441.439	685.801	47,6
Inmobiliarios e servizos empresariais	3.642.085	974.327	26,8	4.907.174	1.246.576	25,4
Administración pública	1.820.517	1.435.810	78,9	2.221.200	1.765.075	79,5
Educación	1.783.935	1.523.231	85,4	2.093.444	1.762.368	84,2
Act. sanitarias e veterinarias; servizos sociais	1.646.448	1.293.478	78,6	2.063.045	1.586.815	76,9
Outros servizos e act. sociais; serv. persoais	1.017.118	537.040	52,8	1.279.734	684.157	53,5
Fogares que empregan persoal doméstico	355.326	355.326	100,0	384.277	384.277	100,0
	32.703.138	15.875.654	48,5	39.491.688	18.984.912	48,1

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE. *Contabilidad Regional de España 2000-2004*. En milleiros de euros.

O primeiro que cómpre salientar da táboa anterior é a perda de peso dos asalariados na renda en Galiza; en só 3 anos perderon 4 décimas de

² RA: Remuneración de asalariados

participación na renda: no ano 2000 os asalariados galegos repartían o 48,5% do PIB, tres anos máis tarde o 48,1%. O dato, en si só alarmante, acada maior gravidade ao cuantificar o incremento do número de asalariados no mesmo período.

Nestes tres anos analizados na táboa, o número de asalariados aumentou un 7,8%, 63.400 asalariados máis. É dicir, a pesar de medrar o número de asalariados, e fortemente, descende a súa participación no PIB. É o principal indicador da precariedade a que están sometidos os novos asalariados neste país, do tipo de postos de traballo que se están creando, dos baixos salarios que están percibindo... E en contraposición está a importante mellora dos resultados empresariais.

As diferenzas son moi elevadas por sectores e por ramas de actividade. Coa excepción máis conxuntural da construción -que logo veremos-, onde se está creando a maioría do emprego asalariado é no sector servizos, e é, precisamente alí onde foi maior a perda de participación dos asalariados na renda.

No ano 2000, o 55,8% do PIB que se xera no sector servizos repartíanlo 505.300 asalariados, no 2003 544.500 asalariados reparten o 54%: un 7,7% mais de asalariados para 1,8 puntos menos de renda. Dentro deste sector case en todas as ramas se perdeu peso relativo, pero chama especialmente a atención o caso da intermediación financeira.

Nesta rama, o emprego asalariado descendeu en 400 traballadores, pero o peso dos asalariados sobre a renda descendeu en preto de 10 puntos, concretamente 9,6, e como é lóxico disparouse o resultado empresarial: no ano 2002 absorbían o 42,3% do PIB do mesmo e tres anos máis tarde o 51,7%. Estes datos axudan a entender a traxectoria dos resultados empresariais destes últimos anos. Así, non é nada estraño, que cando os bancos presenten as súas contas anuais, se fale de incrementos dos beneficios do 30% ou superiores. A custo de que se acadan en parte estes resultados, explícanllos os datos anteriores. O prexubilar fixos a cambio de traballadores precarios estalle saíndo moi rendíbel á banca neste país.

No comercio, onde o emprego medrou máis do 7%, os traballadores perderon 3 décimas de peso no PIB do sector.

Nas ramas de actividade onde os servizos públicos teñen un peso maior, a participación dos asalariados na renda é moito maior, pero as privatizacións, subcontratas, externalización de servizos, etc., están afectando a estes, o que se reflíete claramente en educación e actividades sanitarias e outros servizos sociais.

Na construción os asalariados incrementaron en 1 punto a participación na renda, pero tamén non debemos esquecer que traballa un 19% máis de asalariados neste sector nestes 3 últimos anos.

A nivel global na industria recuperáronse catro décimas de participación: dun 63,3% no ano 2000 pasouse a un 63,7% en 2003, e o emprego asalariado medrou un 2%. As distintas ramas de actividade que compoñen este sector tiveron evolucións moi dispares. O comportamento máis favorábel deuse nas industrias da madeira e na fabricación de produtos metálicos, xa que sen apenas medrar o número de asalariados recuperaron en torno aos 3 puntos de participación na renda.

Na industria química, onde se mantén o número de asalariados, a participación na renda descendeu en 11 puntos.

No sector enerxético en conxunto, practicamente os mesmos asalariados que no ano 2000, no 2003 reparten 2 puntos máis de renda. Tamén aquí as diferenzas son grandes nos dous subsectores: no que atinxe a extracción, máis intensivo en man de obra, produciuse unha mellora de 2,5 puntos; e polo que respecta a enerxía eléctrica mantense, practicamente constante no período analizado.

No sector primario conviven dúas realidades moi diversas; o peso dos asalariados no agricultura galega é moi cativo, pero neste período aumentou. E isto, xunto ao descenso do PIB agrario, fixo que mellorase a súa participación na renda agraria.

No caso da pesca, con moito maior peso de emprego de asalariados, descendeu en case 1 punto a remuneración destes no peso do sector, malia que tamén é certo que no mesmo período hai un 4% menos de asalariados traballando nel.

Aínda que con fortes diferenzas dunhas ramas de actividade a outras, os efectos das altas taxas de temporalidade, dos baixos salarios, en resumo da precariedade laboral a que están abocados os asalariados nos últimos anos, deixa as súas pegadas nas contas económicas do país

Se cadra por primeira vez estamos a afrontar un auxe da economía que corre parello a un incremento importante de creación de emprego asalariado, pero con un retroceso dos ingresos reais da clase traballadora.

Sirva como exemplo do anterior a anécdota seguinte: contan as crónicas que isto sucedeu en América hai uns anos: “que ben!”, di alguén . “Bill Clinton creou millóns de postos de traballo”. “Si”, contesta outro, “ “eu teño tres deses postos de traballo e non me dan para manter a familia”. Esta conversa, hoxe, poderíana manter dous galegos co só cambiar o nome do presidente.

No mesmo período, o número de empresarios/autónomos medrou un 0,6% (1.200), pola contra a participación no PIB pasou dun 41,2 a un 41,8%, nada menos que 6 décimas.

Estamos asistindo a un proceso de incremento importante das desigualdades: as marxes de beneficios dos empresarios están medrando fortemente, sobre todo nalgunhas actividades e, nomeadamente, entre os empresarios

“globalizados”; e ao mesmo tempo a clase traballadores está dividida entre un pequeno grupo de altos cargos, traballadores con antigüidade e moi cualificados... con bos salarios, e un número cada vez maior -onde abunda a xente máis nova e as mulleres- con graves dificultades para chegar a fin de mes.

Paralelamente a isto, estase cargando á clase traballadora, con cada vez menor poder adquisitivo, o peso do chamado “estado do benestar”, e a última reforma que se vén de presentar no Estado español apunta novamente nesta dirección.

4.- Produtividade aparente do traballo.

O dispormos dos datos, tanto do PIB como do número de traballadores, permítenos calcular a **Produtividade aparente do traballo** en cada rama de actividade e ver como foi evoluíndo neste período.

Ao carecermos dos datos das horas efectivas traballadas en cada rama de actividade, que nos permitirían coñecer a produtividade/hora, o máis próximo á produtividade son os cálculos anteriores, o que se coñece como produtividade aparente do traballo, que se calcula dividindo a produción da cada subsector ou rama de actividade entre a número do persoas que desenvolven a súa actividade profesional nesa rama.

Denomínase aparente, porque neste cociente se subsumen todos os factores que infúen na produtividade (investimentos, tecnoloxía...) e impútanselle ao traballo a totalidade do crecemento da produtividade dun país.

A produtividade é polo tanto un cociente: $\text{PIB} / \text{Traballadores}$. De aí que a mellora da devandita produtividade pode deberse a un descenso no emprego; de feito, en períodos nos que medra o desemprego, é habitual que se produza un incremento da produtividade, o que non fai o dato nada positivo.

Tamén no caso da produtividade, as diferenzas tanto sectoriais como dentro de cada sector son abismais. Os datos seguintes permítenos facer a dita aseveración.

Produtividade aparente do traballo.

	2000			2003			
	PIB	Emprego	PAT ³	PIB	Emprego	PAT	
Agricultura, gandería e pesca	2.029.239	105,5	19.234,49	2.010.071	99,8	20.140,99	4,7
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	1.347.528	71,3	18.899,41	1.322.762	67,4	19.625,55	3,8
Pesca	681.711	34,2	19.933,07	687.309	32,4	21.213,24	6,4
Enerxía	1.446.493	10,1	143.217,13	1.563.092	10,1	154.761,58	8,1
Extracción de produtos enerxéticos;							
extracción outros minerais;	401.489	4,4	91.247,50	392.941	4,8	81.862,71	-10,3
Enerxía eléctrica, gas e auga	1.045.004	5,7	183.334,04	1.170.151	5,3	220.783,21	20,4
Industria	5.116.725	174,6	29.305,41	5.772.658	176,5	32.706,28	11,6
Ind. da alimentación, bebidas e tabaco	821.615	30,0	27.387,17	936.555	30,4	30.807,73	12,5
Industria téxtil e da confección	451.621	25,9	17.437,10	460.568	22,8	20.200,35	15,8
Industria da madeira e a cortiza	320.997	14,0	22.928,36	331.884	13,5	24.584,00	7,2
Inda do papel; edición e artes gráficas	349.421	6,8	51.385,44	347.708	7,4	46.987,57	-8,6
Industria química	192.124	3,7	51.925,41	254.926	3,5	72.836,00	40,3
Ind. do caucho e materias plásticas	153.568	4,2	36.563,81	177.866	4,5	39.525,78	8,1
Outros prod. minerais non metálicos	379.140	14,3	26.513,29	440.152	13,9	31.665,61	19,4
Metalurxia e fab. de prod. metálicos	738.189	21,4	34.494,81	880.733	24,7	35.657,21	3,4
Maquinaria e equipo mecánico	191.885	6,2	30.949,19	237.973	6,9	34.488,84	11,4
Equipo eléctrico, electrónico e óptico	212.019	5,9	35.935,42	201.798	4,7	42.935,74	19,5
Fabricación de material de transporte	1.152.489	34,1	33.797,33	1.312.336	34,9	37.602,75	11,3
Industrias manufactureiras diversas	153.657	8,1	18.970,00	190.159	9,3	20.447,20	7,8
Construción	3.047.194	115,8	26.314,28	4.186.925	136,4	30.695,93	16,7
Construción	3.047.194	115,8	26.314,28	4.186.925	136,4	30.695,93	16,7
Servizos	17.965.613	591,4	30.378,11	22.120.120	639,2	34.605,94	13,9
Comercio e reparación	3.057.164	143,5	21.304,28	3.528.134	153,9	22.924,85	7,6
Hostalaría	1.719.849	48,1	35.755,70	2.084.440	53,6	38.888,81	8,8
Transporte e comunicacións	1.715.644	42,5	40.368,09	2.117.233	46,2	45.827,55	13,5
Intermediación financeira	1.207.527	17,7	68.221,86	1.441.439	17,8	80.979,72	18,7
Inmobiliarias e servizos empresariais	3.642.085	54,3	67.073,39	4.907.174	65,5	74.918,69	11,7
Administración pública	1.820.517	69,3	26.270,09	2.221.200	73,5	30.220,41	15,0
Educación	1.783.935	57,8	30.863,93	2.093.444	54,9	38.131,95	23,5
Act. sanitarias e veterinarias; s. sociais	1.646.448	51,0	32.283,29	2.063.045	57,5	35.879,04	11,1
Outros serv. e act. sociais; s. persoais	1.017.118	37,6	27.051,01	1.279.734	42,4	30.182,41	11,6
Fogares persoal doméstico	355.326	69,6	5.105,26	384.277	73,9	5.199,96	1,9
PIB A PREZOS DE MERCADO	32.703.138	997,4	32.788,39	39.491.688	1.062,0	37.186,15	13,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE. *Contabilidad Regional de España 2000-2004*. PIB en milleiros de euros.

³ Produtividade aparente do traballo, en euros.

Cómpre salientar, en primeiro lugar, que se produciu un incremento da produtividade con aumento de postos de traballo.

De media en Galiza, cada traballador produciu 37.186,15 € no ano 2003, un 13,4% máis que no ano 2000 (no Estado español, no mesmo período, o crecemento da produtividade foi dun 13,9%). Para o mesmo ano, 2003, de media no Estado español cada traballador produciu 41.821,15 €, polo tanto, a produtividade media galega está un 11% por debaixo da do Estado.

As diferenzas entre as distintas ramas ou sectores son moi elevadas.

O sector primario caracterízase pola baixa produtividade, que non mellora nin cos fortes descensos no emprego que vén padecendo nos últimos tempos. No ano 2003 a produtividade neste sector foi de 20.140,99€, un 45,8% por baixo da media galega; ademais foi onde menos medrou durante o período.

É de destacar a elevada produtividade dos traballadores do sector enerxético, a pesar de medrar soamente un 8,1% no período analizado. Esta acada os 154.761,58€, un 316,2% por riba da media galega. Se descompoñemos o devandito sector, as diferenzas aínda son máis alarmantes; a extracción de produtos enerxéticos máis que duplica a media galega; pero enerxía eléctrica, gas e auga case a multiplica por seis. Con respecto á media estatal, é o único sector cunha produtividade que está claramente por riba da do Estado.

Na industria, a produtividade é lixeiramente inferior á media en Galiza e neste período medrou, así mesmo, por debaixo da media. Dentro do sector conviven realidades moi diversas: a industria química, cunha produtividade que máis que duplica a media galega e a do sector, e un incremento do 40% en 3 anos; e industrias como a téxtil, que a pesar de medrar máis que a media neste período, está en valores próximos ao sector primario.

Na construción, incrementouse de maneira importante a produtividade nestes anos, un 16,7%. Malia isto, está lixeiramente por baixo da media en Galiza. Con respecto á media estatal, está lixeiramente por enriba: 31.695,93 en Galiza e 30.226,90 na media do Estado.

No que atinxe ao sector dos servizos, a produtividade súa media é de 30.695,93 €, por debaixo da media galega, e da media do sector no Estado español (39.181,90€).

As disparidades dentro do devandito sector dos servizos son moi elevadas: por unha banda, en intermediación financeira o traballador xera en torno aos 81.000 € ao ano, moi por riba da media do sector e da media galega; e por outra, está comercio e reparación, cunha produtividade por volta dos 23.000 €.

Como ramas de alta produtividade pódense salientar: inmobiliarios e servizos empresariais, con preto dos 75.000 €, e transporte e comunicación por riba dos 45.000 €.